

(Segundo establece a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, no seu Artigo 3. Competencias da Administración Xeral do Estado, corresponden á Administración Xeral do Estado, nos termos establecidos na presente lei, as seguintes competencias (...)) 13. Autorizar as seguintes instalacións eléctricas: a) Instalacións peninsulares de produción de enerxía eléctrica, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, instalacións de transporte primario peninsular e acometidas de tensión igual ou superior a 380 kV. Debido a que o parque eólico Barjas supera os 50 MW realiza a súa tramitación ante o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico). Web de consulta: <https://sede.miteco.gob.es/portal/site/seMITECO/navSabiaDestacados>

NOME DO PROXECTO	PROMOTOR	LOCALIZACIÓN	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS	INFRAESTRUTURAS COMPARTIDAS
REBORDECHAO (A equipa redactora do documento de inicio é a mesma que a do p.e. Barjas e o p.e. Prada)	<p>“DESARROLLOS RENOVABLES IBERIA BETA S.L.”, pertencente ao Grupo Statkraft, con CIF B88604954 e domicilio fiscal no Paseo de la Castellana, 200, planta 8, oficina 803, con código postal 28046 (Madrid), sendo a persoa de contacto: Javier Mourazos (correo: JM@GreenHatC.net y teléfono 682823238)</p> <p>Similitudes co proxecto éólico Prada:</p> <p>“DESARROLLOS RENOVABLES IBERIA GAMMA S.L.” (pertencente ao Grupo Statkraft), con CIF B88605084 e domicilio fiscal no Paseo de la Castellana, 200, planta 8, oficina 803, con código postal 28046 (Madrid), sendo a persoa de contacto: Javier Mourazos (correo: JM@GreenHatC.net e teléfono 682823238)</p> <p>Similitudes co proxecto éólico Barjas:</p> <p>“DESARROLLOS RENOVABLES IBERIA DELTA S.L.”, pertencente ao grupo Statkraft, con CIF B88560859 e domicilio fiscal no Paseo de la Castellana, 200, planta 8, oficina 803, con código postal 28046 (Madrid), sendo a persoa de contacto: Javier Mourazos (correo: jm@greenhat.net e teléfono 682823238).</p>	<p>Municipios de Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Maceda, Vilar do Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Cualedro (Ourense)</p> <p>Montes veciñais en man común afectados directamente polo proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Guimarei • Serra de San Salvador e Monte de Arriba • Xeixadelo e Carballeiras • Travesa • Lastredo e Mallada Grande • De Navallo • Lama de Mazaira • De Tamicelas • San Mamede de Prado e Candas • Río Cabras • Serra de San Mamede • San Mamede e Medo • De Santiso • Murriosa • Texo • Verea • Lombada e Loureiro • Porto Coiños e Penas Vellas • Carqueixal • Monte Uzal • Montes de Cacharrequille • Forcada, Medias e Miranda • Cotel e Río Dous Carneiros • Fontes Vellas • Castro Puxando e Tardeles • Chao De Ramiscas e Ribeiras de Cerreda 	<p>28 aeroxeradores, conectados entre si e coa subestación transformadora 30/220 kV situada no propio parque (municipio de Vilar de Barrio), a través da cal se evacuará a enerxía producida mediante unha liña aérea de 220 kV que se conectará coa Subestación PE Sil 220 kV, esta LAAT atravesa os municipios de Maceda, Montederramo, Xunqueira de Espadanedo e Nogueira de Ramuín.</p> <p>A interconexión será mediante liñas subterráneas de comunicación de fibra óptica entre os aeroxeradores e a subestación elevadora “ST PE Rebordecho 220/30 kV 160 MVA” situada nos termos municipais de Maceda e Vilar de Barrio, onde se elevará á tensión de 220 kV para a súa posterior evacuación mediante liña de alta tensión de 220 kV ata a subestación PE Sil 220 kV.</p> <p>Inicialmente o aeroxerador considerado é o modelo GE-158 de 5.5 MW da empresa General Electric (154 MW de potencia total instalada no parque), con 120,9 m de altura de buxe e 158 m de rotor; valorarase a instalación dun aeroxerador de entre 120-130 m de altura de buxe e ata 170 m de diámetro de rotor (sendo estas as dimensións de impacto desenvolto no presente documento). Iso será finalmente concretado a partir dos resultados da campaña de medidas e avaliación do recurso eólico no emprazamento coas distintas tecnoloxías dispoñibles.</p>	<p>Cauces localizados na área do proxecto:</p> <p>O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Douro diferencia na parte española 67 masas de augas subterráneas, estando incluída na zona a parte da masa de auga ES020 Vildardervós – Laza:</p> <p>ES010MSBT011-003 Conca do Sil ES010MSBT011-002 Conca Baixa do Miño ES020MSBT000400023 Vildardervós - Laza</p> <p>Na contorna do parque localízanse duas Reservas naturais fluviais:</p> <p>Río Navea e Rego dá Ribeira Grande.</p> <p>Tanto na envolvente de 5 km como na de 10 km do conxunto de instalacións localízanse as seguintes zonas protexidas de auga potable (ZPAP): Conca baixa do Miño, Conca do Sil, Xinzo de Limia, Encoro de Leboreiro, Laza, Verín, Río Tioira, Río Arnoia I, Río da Lagoa de Antela, Río Limia I en Alta Limia, Río Arnoia II, Río Tioira. Afecta a diversos hábitats protexidos pola Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, tanto prioritarios como de interese comunitario: 4020*, 4030, 4090, 6230*, 6430, 6510, 8220, 8230, 91E0, 9230, 9260.</p> <p>O Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España establece a presenza na zona a estudo de, polo menos, 42 especies de mamíferos, entre os cales destacan o desmán ibérico (<i>Galemys pyrenaicus</i>), e tres especies de morcego, o morcego ratoneiro grande (<i>Myotis myotis</i>), o morcego grande de ferradura (<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>) e o morcego pequeno de ferradura (<i>Rhinolophus hipposideros</i>), catalogados como “Vulnerables” no Catálogo galego de especies ameazadas, regulado polo Decreto 88/2007, do 19 de abril. Ningunha destas especies presenta actualmente un Plan de Conservación.</p> <p>O Atlas das Aves Reprodutoras de España documenta 104 especies de aves na zona. Destaca a presenza do aguilucho cenizo (<i>Circus pygargus</i>) e o aguilucho pálido (<i>Circus cyaneus</i>), catalogadas como “Vulnerables” no Catálogo galego de especies ameazadas, así como a agachadiza común (<i>Gallinago gallinago</i>), categorizada “En perigo de extinción” para as poboacións nidificantes.</p> <p>Respecto a especies afectadas por plans de conversación ou recuperación a nivel rexional, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, aprobou por Decreto 70/2013, do 25 de abril, o Plan de Recuperación do galápagos europeo (<i>Emys orbicularis</i>) en Galicia, a maior parte do parque eólico, parte da liña de evacuación e as actuacións na estrada de acceso inclúese en zonas de presenza potencial desta especie.</p> <p>O Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España describe a presenza na zona de estudo de 19 especies de réptiles e 11 especies de anfibios. Destacan a presenza de varias especies catalogadas como “Vulnerables” no Catálogo galego de especies ameazadas. Son o lución (<i>Anguis fragilis</i>), a lagartija serrana (<i>Iberolacerta monticola</i>) a culebra viperina (<i>Natrix maura</i>), culebra de colar (<i>Natrix natrix</i>), a culebra de escaleira (<i>Rhinechis scalaris</i>), dentro dos réptiles, e a ra patilarga (<i>Ra ibérica</i>), a rá de San Antón (<i>Hyla arborea</i>), o tritón ibérico (<i>Lissotriton boscai</i>), o sapo de espuelas (<i>Pelobates cultripes</i>), e a píntega común (<i>Píntega píntega</i>), dentro dos anfibios.</p> <p>Ningunha destas especies presenta Plan de Conservación aprobado.</p> <p>Afección á Rede Natura:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ ZEC Macizo Central (COD. ES1130002) ➤ ZEC Río Támega (COD. ES1130005) ➤ ZEC Bidueiral de Montederramo (COD. ES1130003) 	<p>“4.4.2. Valoración da conexión prevista</p> <p>Aínda que a solución de conexión prevista e contemplada no presente documento é a que se describiu (conexión directa coa subestación PE Sil 220 kV), a sociedade promotora está a explorar as posibilidades de compartir infraestruturas de evacuación con instalacións doutros promotores con conexión prevista no mesmo Nó da rede de Transporte, mediante a instalación dunha subestación colectora, situada nas inmediacións da SET PE Sil 220 kV.</p> <p>Esta opción está aínda en fase de análise, e a súa viabilidade dependerá de que se materialicen os diferentes proxectos involucrados.</p>

1.- Afección severa á Rede Natura.

- ZEC Macizo Central (COD. ES1130002)
- ZEC Río Támega (COD. ES1130005)
- ZEC Bidueiral de Montederramo (COD. ES1130003)

2.- Afección severa á cauces e masas de auga (vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga – DMA).

3.- Afección severa a especies vulnerables e en perigo de extinción.

4.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto **contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres** no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva **terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.**

“Artigo 6

1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, **os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias** que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.

2. Os Estados membros **adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas,** na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.

3. **Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar,** tendo en conta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.

4.- Fragmentación artificiosa de infraestruturas correspondentes ao mesmo proxecto industrial. O proxecto debe ser retirado de xeito definitivo por:

- A participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, e en particular, na avaliación ambiental dos proxectos industriais está recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).
- Substraer da participación pública e por tanto da avaliación por parte desta de determinadas infraestruturas, polo mero feito de ser compartidas con outras empresas (por certo, filiais da mesma matriz, isto é o grupo Statkraft), é unha violación severa do espírito de Aarhus e dos dereitos fundamentais inalienables do ser humano, xa que está a impedir e obstaculizar a avaliación global, sumativa e sinérxica dos impactos ambientais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial. **Os parques eólicos de Rebordechao, Barjas e Prada, trátanse dun único proxecto industrial, e se ben a execución do mesmo pode realizarse por fases, a avaliación ambiental dos seus impactos debe permitir á cidadanía a valoración conxunta, global, sinérxica e sumativa destes, en todas as fases de execución e durante o funcionamento do parque.**

Indica a promotora en relación as infraestruturas compartidas: “Estas opcións están aínda en fase de análise, e a súa viabilidade dependerá de que se materialicen os diferentes proxectos involucrados”. Pois ben, non se pode supeditar a participación pública na avaliación ambiental da totalidade das infraestruturas do proxecto industrial a que se materialice no resto dos proxectos industriais cos que comparte infraestruturas, xa que logo, non só se vulneran dereitos fundamentais senón que tamén se está a diminuír as garantías da avaliación ambiental.

As infraestruturas de evacuación compartidas co Parque Eólico Barjas, cuxo titular é a sociedade Desenvolvementos Renovables Iberia Delta, S.L., pertencente tamén ao grupo Statkraft e a conexión mediante infraestruturas de evacuación compartidas con instalacións doutros promotores eólicos na zona (subestación colectora a un 5 km da Subestación Trives 220 kV, desde a cal conectaríanse todas as instalacións mediante unha liña de 220 kV), **deberán estar incluídas para a súa consulta pública e avaliación global no presente documento de inicio.**

A actividade de produción de enerxía eléctrica non pode ser allea a formulacións ambientais de forma tal que a auga dos nosos ríos, a forza do vento ou a calor proveniente do sol, son fontes limpas e inesgotables de produción de enerxía eléctrica que por iso son fomentadas polos estamentos públicos. Precisamente para conseguir eses obxectivos, protexer o medio ambiente e garantir unha subministración eléctrica de calidade, entre outros mecanismos está a avaliación ambiental dos proxectos industriais, que non pode ser burlada mediante a división ou fragmentación artificiosa destes para eludir a finalidade prevista na normativa que a regula.